

ACTA NUMERO NOVE CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 24 DE XUÑO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e dez minutos do día vintecatro de xuño de dous mil reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perela**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abelardo López**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **D^a María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 23 DE MAIO DE 2000.

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria extraordinaria do día 23 de maio de 2000, que se aproba por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- CULTURA: PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO BENESTAR RELATIVA Á CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA, COMO ÓRGANO CONSULTIVO SECTORIAL DE PARTICIPACIÓN SOCIAL NO DESEÑO E REALIZACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DO CONCELLO.

O señor Alcalde, de conformidade co dictame unánime da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, retira este asunto da orde do día.

3.- GUÍA DE RÚAS: ASIGNACIÓN DE DENOMINACIÓNS DE RÚAS.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar á asignación de denominacións de rúas.

Aberto o debate, intervéñen don Xosé Luis Bará Torres, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para explica-lo sentido das dúas propostas de denominación de rúas, que teñen coincidencias no sentido de que se trata de

renderlle tributo ou homenaxe a dúas persoas que non teñen méritos por seren persoas ilustres senón por seren persoas do pobo, persoas humildes e que responden tamén nos dous casos a peticións veciñais, unha de veciños da zona de Campolongo e das Estrigueiras que queren renderlle homenaxe a un veciño da rúa das Estrigueiras e quere aclarar que a denominación e a elección do vial se consensou coa Asociación de Veciños que poñía algunhas obxeccións, e por outra parte unha petición formulada por diversos colectivos veciñais de Tomeza no sentido de homenaxear a unha persoa moi querida na parroquia, como foi Benito Fernández Acuña, coñecido como Faracho, polo tanto parécelle que son dúas propostas positivas e que van na dirección na que están a traballar na Comisión de recuperar nomes tradicionais e poñerlle ás rúas nome de personaxes ilustres pero tamén de persoas do pobo.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo nos termos seguintes:

Á vista dos traballos acometidos pola Comisión Informativa Permanente de Política Social e promoción do Benestar, en relación coa denominación de novas rúas da cidade e tendo en conta que polo Tenente de Alcalde-Delegado da área formulouse proposta a fin de acomete-la denominación de novas rúas de forma paulatina, así como que se lle adscriba o distrito fiscal ós efectos de cobro de impostos, polo que na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Política Social do 22/06/00 dictamináronse as seguintes:

1º.- Denominar rúa Anxo Bugallo Alonso ó tramo que nace na rúa das Estrigueiras e transcorre paralelo á Colonia Fonte Santa pola súa cara norte e desemboca na avenida Eduardo Blanco Amor.

2º.- Denominar rúa Benito Fernández Acuña "O Faracho" no lugar do Marco da parroquia de Tomeza, ó tramo que nace na avenida do Marco e discorre por diante dos números 12 e 13 e finaliza no número 17 do lugar do mesmo nome.

Considerando que corresponde ós concellos revisar, actualizar e completa-la nomenclatura e rotulación das rúas a tenor do disposto no artigo 69 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais e o Real Decreto de 20 de decembro de 1996, así como o establecido no artigo 50-24 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación coa atribución ó Pleno da Corporación, relativa á concesión de distintivos honoríficos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda:

PRIMEIRO.- Denomina-las seguintes rúas, así como que se lle adscriba ó distrito fiscal ós efectos de cobro de impostos:

1º.- Rúa Anxo Bugallo Alonso ó tramo que nace na rúa das Estrigueiras e transcorre paralelo á Colonia Fonte Santa pola súa cara norte e desemboca na avenida Eduardo Blanco Amor.

2º.- Rúa Benito Fernández Acuña "O Faracho" no lugar do Marco da parroquia de Tomeza, ó tramo que nace na avenida do Marco e discorre por diante dos números 12 e 13 e finaliza no número 17 do lugar do mesmo nome.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo á Xefatura provincial de Correos e Telégrafos, á Delegación provincial do Instituto Nacional de Estatística, así como á Unidade de Servicios Compartidos, ó Servicio de Xestión e Inspección Tributaria e á Policía Local deste Concello, ós efectos oportunos.

4.- CENSO ELECTORAL: FORMULACIÓN DE PROPOSTA Á OFICINA DO CENSO ELECTORAL PARA A MODIFICACIÓN DE SECCIÓNS CON CENSO SUPERIOR A 2.000 ELECTORES, CREANDO TRES NOVAS SECCIÓNS.

De conformidade co que establece o artigo 23.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o Concello debe proceder á división das actuais seccións electorais 7, 8 e 15 do distrito 2 por exceder o límite de 2.000 electores que para cada sección establece a lei.

Resultando que pola Unidade de Servicios Compartidos se levou a cabo o estudio e confección do expediente de modificación da circunscrición electoral mantendo as seccións existentes (7, 8 y 15) co ámbito reducido sinalado na planimetría adxunta e creando tres novas seccións (20, 21 e 22) co ámbito especificado na planimetría que tamén se une.

Resultando que pola Oficina técnica de disciplina urbanística do Concello confeccionáronse os planos coas variacións propostas a fin de levar a cabo a división das circunscricións electorais.

Considerando que se seguiron os trámites que establece o artigo 23.2 da Lei orgánica 5/1985 do Réxime electoral Xeral, a do artigo 76 do Regulamento de poboación e demarcación territorial na súa nova redacción, a Resolución conxunta da Presidenta do Instituto nacional de estatística e do Director xeral de cooperación territorial, que dictaron instrucións técnicas ós Concellos sobre a xestión e revisión do padrón municipal, ás que se axustou a tramitación deste expediente.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión informativa permanente de réxime interior e persoal, acorda:

PRIMEIRO.- Elevar proposta ó señor Delegado provincial da oficina do censo electoral de modificación das seccións 7, 8 e 15 do distrito 2, desdobrándoas en sección 7, 20, 8, 21, 15 y 22 do distrito 2, para dar cumprimento ó disposto no artigo 23.2 da LOREG.

SEGUNDO.- Remitir para actualización do seccionado os traballos realizados pola Unidade de servicios compartidos á Delegación da oficina do censo electoral.

5.- ORZAMENTO XERAL ÚNICO 2000: RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA O ORZAMENTO XERAL DO ANO 2000 E, NO SEU CASO, APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO.

Dáse conta das reclamacións presentadas polos funcionarios don Rogelio González Núñez, don Carlos Jaudenes López de Castro contra a Relación de postos de traballo aprobada provisio-

nalmente polo Pleno da Corporación xunto co Orzamento xeral único do ano 2000 e a presentada pola funcionaria dona María Mercedes Eguileta Martínez contra a base 34ª de execución do orzamento e a estrutura do capítulo 3º do estado de ingresos referido ás taxas e outros ingresos.

Visto o informe de Secretaría que literalmente di:

Vistas las alegaciones presentadas por los funcionarios don Rogelio González Núñez y don Carlos Jáudenes López de Castro, contra la Relación de Puestos de Trabajo aprobada provisionalmente por el Pleno de la Corporación y sometida a información pública juntamente con el Presupuesto General, del que es documento anexo, resultan relevantes para la determinación de las pretensiones formuladas por los reclamantes los siguientes

ANTECEDENTES:

1) El Pleno de la Corporación, en sesión celebrada el día 25-5-1999, aprobó el proyecto organizativo de la Administración municipal así como a la Plantilla de Personal y la Relación de Puestos de Trabajo resultantes de la implantación del proyecto organizativo prestando aprobación inicial a la modificación de la Relación de Puestos de Trabajo anexa al Presupuesto de 1999 adaptada al proyecto organizativo y a la adscripción individualizada del personal a los distintos puestos incluidos en la relación aprobada.

2) En cumplimiento de lo establecido en el indicado acuerdo la modificación de la Relación de Puestos de Trabajo anexa al Presupuesto de 1999, adaptada al proyecto organizativo aprobado, fue sometida a información pública durante el período de 15 días hábiles a efectos de reclamaciones y sugerencias mediante anuncio inserto en el BOP núm. 60 del día 30.3.1999, formulándose varias alegaciones por distintos funcionarios, y, entre ellos, los ahora reclamantes don Rogelio González Núñez y don Carlos Jáudenes López de Castro.

3) El Pleno de la Corporación, en sesión celebrada el día 29 de abril de 1999, acordó desestimar, entre otras, las alegaciones presentadas por los ahora también reclamantes don Rogelio González Núñez y don Carlos Jáudenes López de Castro y estimó en parte las alegaciones referidas a la Oficina de Gestión Tributaria que se transforma en Servicio de Gestión e Inspección Tributaria con una jefatura adjunta con categoría de jefe de sección y determinación de los puestos que se adscriben a este servicio.

4) El texto íntegro del mencionado acuerdo ha sido notificado personalmente a los ahora reclamantes, don Rogelio González Núñez el día 18.5.1999 y don Carlos Jáudenes López de Castro el 14.5.1999, ofreciéndole los recursos procedentes, publicándose, asimismo, en el BOP núm. 101 del día 31.5.1999, la modificación de la Relación de Puestos de Trabajo, aprobada definitivamente por el Pleno de la Corporación.

5) Contra el acuerdo de aprobación definitiva de la Relación de Puestos de Trabajo modificada con efectos del día 1.6.1999, don Rogelio González Núñez interpuso el día

17.6.1999 recurso potestativo de reposición en el que interesa:

1 - asignación del nivel 26 a efectos de complemento de destino a la Oficina de Gestión Tributaria, convirtiéndola en jefatura de servicio independiente.

2 - asignación del complemento específico a esta oficina como jefatura de servicio.

3 - provisión, mediante concurso, de todos los puestos reservados a funcionarios integrados en el grupo "A".

4 - revocación del acuerdo adoptado en cuanto se refiere al incremento del complemento específico de los cuerpos de la Policía Local y Bomberos.

El mencionado recurso potestativo de reposición no ha sido resuelto expresamente durante el plazo de tres meses señalado en el art. 117 de la Ley 30/1992, desde su interposición, ni tampoco consta que se haya interpuesto recurso contencioso administrativo durante el plazo de seis meses contados a partir del siguiente a aquél en que se produjo el acto presunto de desestimación por el transcurso de tres meses sin resolución expresa del recurso de reposición interpuesto, como se informó al recurrente en la notificación del acuerdo plenario de aprobación definitiva de la Relación de Puestos de Trabajo modificada.

6) Don Carlos Jáudenes López de Castro interpuso directamente recurso contencioso administrativo contra el mencionado acuerdo plenario formalizando demanda en la que interesa la anulación del acuerdo recurrido en lo que le afecta, y solicita:

1 - la asignación del nivel 22 a su puesto de trabajo.

2 - el incremento del complemento específico asignado a su puesto de trabajo.

3 - que se exija la titulación académica apropiada para el acceso a las plazas de delineante y de delineante-inspector, clasificando el puesto como singularizado y estableciendo como forma de provisión el concurso.

No consta en el expediente la sentencia por la que el citado recurso haya sido resuelto por la jurisdicción contencioso-administrativa.

7) El Pleno de la Corporación, en sesión celebrada el día 23.5.2000, prestó su aprobación al Presupuesto General Único del Ayuntamiento junto con la Plantilla de Personal y Relación de Puestos de Trabajo, como documento anexo del presupuesto, en la que se introducen determinadas modificaciones respecto a la Plantilla y Relación de Puestos de Trabajo, pero que no afectan a las plazas ni a los puestos de trabajo desempeñados por los ahora reclamantes.

8) Sometido a información pública el Presupuesto General Único aprobado inicialmente por la Corporación junto con la Plantilla de Personal y Relación de Puestos de Trabajo, mediante anuncio inserto en el BOP núm. 101 del día 29.5.2000, se presentaron reclamaciones contra la Relación de Puestos de Trabajo por los funcionarios don Rogelio González Núñez el día

14.6.2000 y por don Carlos Jáudenes López de Castro el mismo día.

9) En las alegaciones presentadas don Rogelio González Núñez, interesa, las siguientes modificaciones en la Relación de Puestos de Trabajo:

1 - Que la provisión de los puestos de jefatura de servicio y de sección, con nivel inferior al 28 se efectúen mediante concurso.

2 - Que los puestos de trabajo, con nivel de complemento de destino 28 y 30 se provisten por el sistema de libre designación.

3 - Que se proceda a la provisión de todos los puestos de trabajo vacantes y cubiertos interinamente, antes de proceder a la convocatoria de la Oferta de Empleo Público para ingreso.

Don Carlos Jáudenes López de Castro, interesa las modificaciones siguientes:

1 - Que las plazas de Delineante-Inspector y de Delineante se clasifiquen como puestos singularizados, siendo su forma de provisión el concurso y que se haga constar la titulación académica exigida para el acceso que será la de Maestro Industrial Delineante, Técnico Especialista en Delineación o Técnico Superior en Edificaciones y Obra Civil.

2 - Que se incremente la cuantía del complemento específico asignado al puesto de Delineante Inspector equiparándolo al puesto de Sargento de la Policía Local (1.305.537 pesetas anuales).

Examinadas las argumentaciones en la que los reclamantes apoyan sus peticiones, esta Secretaría formula propuesta de resolución en base a los siguientes

FUNDAMENTOS JURÍDICOS:

1. Mediante anuncio inserto en el BOP núm. 101 se sometió a información pública el Presupuesto General Único del Ayuntamiento para el ejercicio 2000 con la Plantilla de Personal y la Relación de Puestos de Trabajo concediéndose un plazo de 15 días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación del anuncio, para el examen del expediente y, en su caso, presentación de reclamaciones, el cual se inició el día 30 de mayo y finalizó el día 15 de junio del año 2000, por lo que habiéndose presentado las reclamaciones el día 14 de mayo desde una perspectiva meramente formal deben ser admitidas a trámite al tener entrada en el Registro dentro del plazo señalado al efecto.

2. En cuanto al contenido de las pretensiones de los alegantes se aprecia que constituyen una reiteración de algunas de las alegaciones formuladas en su día, por los mismos, contra la Relación de Puestos de Trabajo de 1999, las cuales fueron desestimadas por el Pleno de la Corporación con el acuerdo de aprobación definitiva de la citada relación, acuerdo contra el que don Rogelio González Núñez interpuso recurso de reposición, que debe entenderse desestimado por silencio administrativo, y don Carlos Jáudenes López de Castro entabló recurso contencioso-administrativo que se encuentra en trámite, y

siendo el contenido de la Relación de Puestos de Trabajo del año 2000 una reproducción de la aprobada definitivamente para el anterior ejercicio de 1999, debe entenderse que el acto de aprobación inicial constituye una confirmación de anteriores acuerdos, no obstante lo cual nada impide que los alegantes puedan reiterar sus alegaciones por cuanto el recurso de reposición interpuesto por el Sr. González Núñez no ha sido resuelto expresamente y en el recurso contencioso-administrativo entablado por el Sr. Jáudenes todavía no se ha pronunciado el Juzgado de lo Contencioso-administrativo.

3. Alegaciones del Sr. González Núñez:

A) Que los puestos de Jefaturas de servicio y de sección con nivel inferior a 28 sean provistos mediante el procedimiento de concurso.

La Ley 4/1988, de 26 de mayo, de la Función Pública de Galicia, en su artículo 28 determina que "serán de libre designación los puestos de trabajo con nivel de complemento de destino comprendido entre el 28 y el 30 y excepcionalmente otras de nivel inferior, que, como tales, figuren en la relación de puestos de trabajo", lo que reitera la Ley 4/1991 en su artículo 27 al señalar que se cubrirán por el sistema de libre designación aquellos puestos que así "se determinen en la Relación de Puestos de Trabajo". En consecuencia la normativa aplicable autoriza que excepcionalmente también se puedan proveer por el sistema de libre designación puestos de trabajo que tengan asignados niveles inferiores al 28, lo que hizo el Pleno de la Corporación al aprobar el proyecto organizativo y que ahora reproduce al aprobar la Relación de Puestos de Trabajo del año 2000, excepción que puede tener su justificación en el propio proyecto organizativo y en las funciones asignadas a los puestos singularizados que desempeñan funciones directivas.

B) Que los puestos de trabajo que tengan asignado nivel de complemento de destino entre el 28 y 30 se provisten por el sistema de libre designación.

En la Relación de Puestos de Trabajo solamente tienen asignado este nivel (30) los funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional (Secretario, Interventor, Tesorero, Vicesecretario y Viceinterventor), cuyo sistema de provisión tiene una regulación estatal especial contenida en la Ley 101/1993 y Real decreto 1732/1994, en cuyo artículo 10 se determina que "los puestos de trabajo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional se proveerán por concurso de méritos, que será el sistema normal de provisión", aunque excepcionalmente también pueden proveerse por el sistema de libre designación en los supuestos previstos en el artículo 27 del citado Real decreto 1732/1994, no habiendo ejercitado tal opción esta administración municipal.

C) Que se anuncie convocatoria de los respectivos concursos entre funcionarios para cubrir los puestos de trabajo vacantes antes de proceder a la aprobación de la oferta de empleo público.

En el proyecto organizativo aprobado por el Pleno de la Corporación se ha establecido que "la provisión de los puestos de carácter definitivo se realizará progresivamente mediante los procedimientos de libre designación, concurso o distribución de efectivos en los términos señalados en la R.P.T., por lo que esta Secretaría estima que esta alegación no afecta al contenido del acuerdo ya adoptado por estar prevista su implantación de forma progresiva lo que corresponde efectuar a la Alcaldía y no al Pleno de la Corporación, según dispone el art. 21.g) de la Ley 7/1985, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

4. Alegaciones de Don Carlos Jáudenes López De Castro:

A) Que los puestos de Delineante-inspector se clasifiquen como singularizados (T.P.=S).

El alegante no justifica los motivos por los que deba ser así. No habiéndose dictado normas específicas para la elaboración de la R.P.T. en la Administración Local, debemos tomar como referencia sin carácter vinculante la Resolución de las Secretarías de Estado de Hacienda y para las Administraciones Públicas de 20.1.1989, aplicable a la Administración General del Estado, la cual en su art. 5.1 define a los puestos singularizados como aquellos que por su denominación y contenido se diferencian de los restantes puestos del departamento en cada localidad, siendo los restantes no singularizados. Existen puestos de trabajo de Delineante-Inspector en diversos servicios, todos ellos integrados en el grupo "C", siendo sus atribuciones las propias del técnico especialista en delineación y las de inspección, por lo que en el proyecto organizativo se configuran estos puestos como NO singularizados teniendo en cuenta las directrices señaladas para la Administración General del Estado al no concurrir en los mismos circunstancias que aconsejaran una diferenciación entre los distintos puestos de Delineante-Inspector, lo que permite la adscripción de los mismos por el sistema de redistribución de efectivos teniendo en cuenta las necesidades de los distintos servicios.

B) Que los puestos de Delineante-inspector se provisten por el sistema de concurso.

Esta alegación es una consecuencia de la anterior por lo que, de no estimarse, aquélla, también debe rechazarse ésta ya que los funcionarios que ocupen puestos no singularizados pueden ser adscritos, por necesidades del servicio, a otros de la misma naturaleza, nivel y complemento específico, siempre que ello no suponga cambio de municipio, puesto que el sistema normal de provisión de los puestos no singularizados es la redistribución de efectivos según dispone el art. 59 del Real decreto 364/1995, de aplicación supletoria a la Administración Local.

c) Exigencia para el acceso de la titulación específica de Maestro industrial delineante, Técnico especialista en delineación o Técnico superior en edificación y obra civil.

Aunque no consta en la Relación de Puestos de Trabajo la titulación específica, el Pleno de la Corporación en las bases

de la convocatoria de las plazas de delineante, aprobadas en sesión de 28.1.1999, tiene establecida tal exigencia, según consta en la última convocatoria publicada en el BOP núm. 124 de 1.7.1999 siguiendo instrucciones del Colegio Profesional de Delineantes.

D) Que se incremente el complemento específico asignado a los puestos de Delineante-inspector teniendo en cuenta las peculiaridades particulares de estos puestos de trabajo.

El Pleno de la Corporación al aprobar el proyecto organizativo y la Relación de Puestos de Trabajo modificada como consecuencia de la implantación del proyecto organizativo ya tuvo en cuenta las condiciones particulares de estos puestos asignándole el nivel 20 y no el 18, y, además, le asigna un complemento específico de 1.005.736 pesetas anuales, superior a las 944.967 pesetas que se asignan al Delineante.

En la Relación de Puestos de Trabajo ahora impugnada figuran idénticas cuantías incrementadas en los porcentajes señalados en la Ley 45/99 de Presupuestos Generales del Estado para el año 2000, que fijó un incremento del 2%, por no concurrir en los puestos de Delineante-Inspector circunstancias excepcionales que justifiquen una nueva adaptación singular en este momento, circunstancia que ya se tuvo en cuenta en la Relación de Puestos de Trabajo modificada de 1999.

En base a la motivación expuesta esta Secretaría no encuentra motivos fundados para modificar la Relación de Puestos de Trabajo aprobada conjuntamente con el Presupuesto General del año 2000 teniendo en cuenta la normativa invocada y los acuerdos ya adoptados por el Pleno de la Corporación en el anterior ejercicio, de los que la Relación de Puestos de Trabajo aprobada para el 2000 es una reproducción o confirmación en lo que atañe a las pretensiones de los reclamantes.

Visto o informe de Intervención que literalmente di:

Examinadas as alegacións formuladas por D^a Mercedes Eguileta Martínez, Técnico de Administración Xeral, contra o Orzamento Xeral Ordinario deste Concello para o exercicio 2000, infórmase:

1º.- Que o Orzamento Xeral Ordinario integrado polo deste Concello, polo do Instituto Municipal de Deportes e polo do Pazo de Congressos e Exposicións se aprobou polo Pleno da Corporación en sesión que tivo lugar o 23 de maio de 2000.

2º.- Que o devandito Orzamento se expuxo ó público por un prazo de 15 días hábiles (30 de maio-15 de xuño) mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia nº 101 de data 29 de maio.

3º.- Que as alegacións obxecto de informe se presentaron o 15 de xuño, con número de Rexistro de Entrada 18.525, por tanto dentro do prazo fixado ó efecto.

4º.- Que de conformidade cos artigos 151.1.b) da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, e os artigos 20.1 e 22.1.b) do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, a citada Técnica de Administración Xeral ostenta a condición de interesada.

5°.- Que dispoñen os artigos 151.2 da Lei 39/88 e artigos 22.2 do Real Decreto 500/1990 que "Unicamente podrán entablar-se reclamaciones contra el presupuesto:

a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta Ley.

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de éstos respecto a las necesidades para las que esté previsto."

6°.- Que é evidente de conformidade co establecido no punto anterior que as reclamacións formuladas pola alegante só teñen unha dubidosa cobertura legal que as ampare.

Non obstante o ata aquí exposto e con fin de clarifica-las cuestións alegadas, esta Intervención manifesta:

a) En relación a alegación nº 1 que as Ordenanzas fiscais aceptadas e aprobadas pola Corporación en sesión extraordinaria que tivo lugar o 10 de novembro de 1998 se prepararon, tramitaron e configuraron técnica e economicamente por esta Intervención (ó igual que o restante sistema tributario local), recollendo o que se desprendía da Lei 25/98, coa premura suficiente para que foran efectivas o 1 de xaneiro de 1999.

Así mesmo no Orzamento de 1999 se modificou o necesario (artigos 34 e 35 do Capítulo 3°) para dar cumprimento á citada Lei.

Adxudicada á empresa TÉCNICOS EN AUTOMATIZACIÓN DE OFICINAS S.A. o 26 de outubro de 1998 a SUBMINISTRACIÓN DE APLICATIVOS DE XESTIÓN ECONÓMICA, TRIBUTARIA E RECADACIÓN, o tratamento informático da estrutura do Orzamento (empregado por primeira vez na confección do Orzamento de 2000 e todavía en fase de proba) adaptábase á Orden de 20-09-89 que establece as estruturas dos Orzamentos das entidades locais, non recollendo as variacións introducidas pola Lei 25/98 e a disposición que realmente modifica a estrutura dos Orzamentos das entidades locais, que é a Orden de 8 de setembro de 1999.

Esta Orde modifica o artigo 31, que pasa a recoller "Tasas por prestación de servicios públicos y realización de actividades administrativas en régimen de derecho público de competencia local" e crea un novo artigo 32 "Tasas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial de dominio público local".

Ás variacións introducidas por esta Orde adaptouse ó Orzamento que se achega, suplindo as insuficiencias manifestadas pola empresa subministradora do tratamento informático presupostario.

b) En relación á alegación 2ª, esta Intervención estima que deberá ser resolta polo Pleno da Corporación non obstante quere manifestar:

- Que a Base 34ª puido ser modificada no seu momento ó tempo que o foron outras Bases.

- Que deberá respectarse en todo caso o disposto nas dis-

posicións legais, e en particular:

O artigo 92.3.b) da Lei de Bases de Réxime Local, "Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios con habilitación de carácter nacional el control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria y la contabilidad, tesorería y recaudación."

O artigo 195.1 da Lei 39/88, "La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquellos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso".

O artigo 4.e) do Real Decreto 1174 de 18 de setembro de 1987 que regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, "La función de control y fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria comprende la intervención de los ingresos y fiscalización de todos los actos de gestión tributaria".

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Desestima-las alegacións presentadas polo funcionario don Rogelio González Núñez e por don Carlos Jáudenes López de Castro contra a Relación de postos de traballo aprobada conxuntamente co Orzamento xeral único do ano 2000, en base á fundamentación xurídica exposta no informe do Secretario Xeral.

SEGUNDO.- Estima-las alegacións presentadas pola funcionaria dona María Mercedes Eguileta Martínez referidas á estrutura orzamentaria e base 34ª de execución do Orzamento, corrixindo o erro producido no aplicación informática e axustando o capítulo 3º do estado de ingresos ó establecido na orde de 8 de setembro de 1999 nos termos expostos polo Sr. Interventor no seu informe que se reflexa no novo documento da clasificación económica do estado de ingresos do Orzamento e, asemade, modifícase a base 34ª de execución do orzamento quedando redactada nos seguintes termos: "Las liquidaciones de recursos tributarios y de precios públicos, así como la expedición de recibos, se halla a cargo del "Servicio de Gestión e Inspección Tributaria", sin perjuicio de las funciones reservadas a la Intervención municipal sobre esta materia".

Sometida a votación a aprobación definitiva do Orzamento xeral único do Concello para o ano 2000, coas dúas modificacións aceptadas referidas á estrutura orzamentaria do capítulo 3º do estado de ingresos e a base de execución 34ª, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialista de

Galicia-PSOE) e co voto en contra de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación definitiva ó Orzamento xeral único para o ano 2000, integrado polo Orzamento ordinario deste Concello, o Orzamento do Instituto Municipal de Deportes e o do Pazo de Congresos e Exposicións, coas súas respectivas Bases de Execución, Cadro de persoal orzamentario e Relación de Postos de Traballo, Operación de Crédito e demais documentación anexa,

SEGUNDO.- Dispoñe-la publicación do Orzamento xeral, aprobado definitivamente, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no Boletín Oficial da Provincia e do Cadro de persoal orzamentario e Relación de Postos de Traballo.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA (PS DE G-PSOE) SOBRE A CREACIÓN DUNHA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS PARA A PRESTACIÓN DE DETERMINADOS SERVICIOS NA COMARCA E ÁREA DE PONTEVEDRA.

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A necesidade de crear unha Mancomunidade de municipios que abranguera ós municipios da comarca na que está inmersa Pontevedra é un feito recoñecido polas diversas corporacións municipais que rexeron esta cidade desde a restauración democrática.

No ano 1991 o Partido dos Socialistas de Galicia presentou unha moción que foi aprobada e serviu de base para que en anos posteriores se tomara o acordo de constituír unha Mancomunidade municipal, tanto foi así que no Concello de Pontevedra e o máis alto nivel institucional se realizaron xuntanzas con alcaldes dos municipios limítrofes e dos que estaban dispostos a constituír unha Mancomunidade municipal.

Esta mancomunidade mesmo chegou a ter un estudio pormenorizado de estatutos nos que participou moi activamente a secretaría deste concello.

Tamén é certo que nas últimas eleccións municipais os grupos que sustentan o actual goberno prantexamo-la necesidade de establecer un plano estratéxico que abranguería as bases de estudos para un desenvolvemento integral do concello e que este plano tería de incluír necesariamente as necesidades e perspectivas da comarca na que nos atopamos.

Nosa proposta basease polo tanto nun sentimento de necesidade sentida polas corporacións e cidadáns tanto da nosa cidade coma do noso entorno comarcal.

Mesmo esta necesidade poderíanos ser de gran utilidade nas nosas comparecencias e representación en institucións de carácter europeo nas que estamos coma é o Eixo Atlántico. Poder actuar nese foro non só en representación do noso concello senón tamén aportando as necesidades e plantexamentos da nosa

comarca daríanos necesariamente unha maior representatividade e un maior pulo ás nosas reivindicacións.

Estamos convencidos en que este é un tema no que é necesario o consenso non só no noso municipio senón tamén dos concellos que configuran a nosa comarca e que cando menos son os que constituíran as bases para o establecemento e estudo da Mancomunidade posta en marcha no seu día.

Entendemos que é desde o marco xurídico administrativo contemplado na lexislación vixente coa figura da Mancomunidade como toma corpo xurídico a constitución da mesma. Sen consolidar ese marco xurídico estaríamos só a falar de intencións e declaracións políticas e xa é o tempo de comezar a construír o marco comarcal cun instrumento xurídico que o sustente.

Por todo elo propoñemos para aprobación polo Pleno da nosa Corporación:

1. Que se volva a botar a andar a Mancomunidade de Municipios da comarca e área de Pontevedra en base ós Concellos que no seu día a subscribiron.

2. Que se informe ó Consello económico e social do Concello de Pontevedra para que teña coñecemento deste tema.

3. Que como base da Mancomunidade se comece a considerar os temas que máis inmediatamente nos ocupan coma son: Xestión de augas e depuración de residuos líquidos, establecemento de plans urbanísticos conxuntos, cando menos, cos Concellos cos que limitamos e cos que se poden dar situacións de roces e mesmo de imbricación urbanística; que sobre a base e desenvolvemento do noso Parque de bombeiros se estableza un servizo comarcal de bombeiros e atención a emerxencias; infraestructuras viarias da comarca; aqueles outros temas que por parte dos compoñentes se establezan.

4. Que desa congruencia se estableza un Plan de desenvolvemento da comarca.

5. Que por parte da Alcaldía de Pontevedra se fagan as xestións necesarias para que estes acordos cheguen a bo fin, facendo de anfitrións ó establecemento consolidado dun anxeio que polo tempo que o levamos perseguindo xa é tempo de acadar.

Aberto o debate concédese a palabra a don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal manifesta que a proposta que se trae a este Pleno pretende ser unha síntese de propostas antigas e dunha actividade que se reclamou dende distintos sectores, ás veces na oposición e outras veces incluso estes partidos políticos no exercicio do poder, que se trataba e se trata de retoma-lo tema de articular toda a comarca na que están inmersos dentro dunha estrutura xurídico-administrativa que entende que pode se-la mancomunidade e sobre a que xa hai traballos elaborados, pois este Concello xa ten elaborado con anterioridade en outras Corporacións un proxecto de estatutos desa mancomunidade e xa se teñen establecido conversas cos concellos de todo o contorno e do que se trata con esta moción é de comezar a articular de novo unha comarca que considera que é vital para o Concello de Pontevedra e que realmente pode

dar cabida ás aspiracións a medio e longo prazo da actividade deste concello; o Concello de Pontevedra ten participación en foros internacionais, como é o Eixo Atlántico, ten necesidade de articula-la rede de infraestructuras viarias e está a ofrecer servicios a concellos limítrofes sen que iso teña unha plasmación xurídica determinada, co que a carga da prestación deses servicios recae única e exclusivamente nas súas arcas e cre que é o momento e que están nunha boa disposición e nun bo tempo para articular e estruturar esta mancomunidad intermunicipal de concellos da comarca de Pontevedra para darlle unha proxección e unha estrutura xurídica a este tema, o seu grupo pensa que incluso actividades que xa están postas en marcha por parte deste concello e propostas que xa están enriba da mesa son perfectamente insertables e articulables dentro desde proxecto, se trata en definitiva de comezar a botar a anda-los pasos, de comezar a ter de novo entrevistas cos concellos limítrofes para articular un espacio e darlle consistencia de presión política e presionar con algo máis que só os intereses exclusivos de Pontevedra, senón que abrangan os da toda a comarca, presionando nos distintos foros onde teñan presenza

Seguidamente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que el Partido Popular se va a abstener en esta moción, pues aunque el que se creen mancomunidades es algo que desean todos los partidos políticos y pensar lo contrario sería absurdo, esta moción que se trae hoy al Pleno y la posible mancomunidad que se pueda crear en el Ayuntamiento de Pontevedra está totalmente verde, es algo difícil y puede decir que como Alcalde lo ha intentado en varias ocasiones con varios servicios distintos y no lo logró a lo largo de cuatro años, y cree que en este momento tal como está llevando el Ayuntamiento de Pontevedra distintos servicios con distintos Ayuntamientos, se podría crear una mancomunidad con Marín y Poio por el agua y el saneamiento, pero no se puede crear con Campolameiro o con cualquier otro Ayuntamiento limítrofe, por ejemplo Vilaboa, y considera que todo esto se puede solventar mediante convenios con cada uno de esos Ayuntamientos y puede funcionar perfectamente; esta moción del grupo socialista no duda que tiene muy buenas intenciones y todos podían estar de acuerdo con ella, pero no deja de ser una declaración de intenciones a la que le faltan muchos pasos por dar, pues mociones como esta podrían traerlas todos los grupos políticos, una por cada uno de los puntos que tienen en cada uno de sus programas, en los que seguramente coinciden en muchos y podrían traer mociones como ésta de declaración de intenciones, pero considera que como declaración de intenciones bastan los programas, está ahí escrito y es con lo que se han presentado a las elecciones, por tanto, repite, que el Partido Popular si se retoma esto, si se habla con otros concellos y si hay la posibilidad de llegar a algún acuerdo, evidentemente llegado ese momento votaría en contra, pues cree que esto es algo que se puede hacer con su programa con cada uno de los puntos, por tanto es algo que no

es necesario que venga a este Pleno y que se puede trabajar en esa constitución perfectamente a lo largo de los próximos meses con total tranquilidad sin haber venido a Pleno, le parece en ese aspecto un poco de oportunismo, de que si algún día se crea fue el grupo socialista quien lo dijo y cree que no es esa la vía; por otra parte le resulta realmente chocante y curioso que B.N.G. y el PSOE vayan a aprobar esta moción hoy y que hace muy poco tiempo hayan aprobado también que en la única mancomunidad, o algo que se podía parecer a una mancomunidad, donde estaban ocho concellos, como era el campo de golf, hayan permitido que Pontevedra pierda su presidencia, es realmente curioso que estén de acuerdo en crear mancomunidades y que estén de acuerdo en que se deje de presidir la única pseudomancomunidad a la que pertenece el Ayuntamiento de Pontevedra.

A continuación toma a palabra o señor Alcalde dicindo que por parte do equipo de goberno é clara a vontade de diálogo e liderazgo de Pontevedra respecto ós concellos da súa comarca, porque teñen vocación de vertebrar esta comarca e o teñen demostrado en distintos temas con varias reunións ás que asistiron Alcaldes da comarca de Pontevedra e incluso de fóra en distintos temas, como pode se-lo tema da sanidade ou das peaxes, etc., polo tanto e sendo conscientes das dificultades que entraña a constitución dunha mancomunidade pola diversidade de servicios e que algún dos servicios atinxe única e exclusivamente a tres concellos, outros a cinco, outros a dez, etc., de tódolos xeitos van face-lo máximo esforzo para levar adiante este proxecto común de toda a comarca de Pontevedra.

Intervén novamente o señor Santiago Esperón dicindo que agradece as palabras do señor Alcalde e a vontade que sabe que ten de botar a andar este proxecto e quere dicirlle ó señor Pedrosa que isto non é só unha declaración de intencións nin pretende selo, porque os acordos que plasman a vontade política dos grupos que compoñen a Corporación non poden ser soamente declaración de intencións e a súa proposta non ven para dicir fómo-los primeiros, porque xa houbo unha proposta neste sentido no ano 1991 e, se é ben certo que na exposición de motivos da moción se fai unha referencia a iso, na súa intervención no Pleno non fixo referencia a ese tema, porque non se trata de dicir fómo-los primeiros, do que se trata é de axuntar unha vontade política de toda a Corporación para que sen sobresaltos e, sexa cal sexa a composición da Corporación de Pontevedra, a vontade quede plasmada, quede manifestada e unida, pois xa houbo Alcaldes, como o señor Pedrosa recoñece, que fixeron esforzos que non se concretaron a nada, sabe que é un tema difícil, sobre todo porque hai que manter unha constancia de actividade e sabe que os servicios a mancomunar en toda a área non están unificados, pero se a área se consolida claro que vai haber servicios moito máis unificados para toda a área e ter montada polo menos a infraestructura de entendemento lle parece fundamental; por outra banda non cre que a Fundación Monte Castrove sexa en si unha mancomunidade, é unha fundación

que podería ser valorada dentro dunha mancomunidade se a mancomunidade entendera que é un asunto prioritario, pero non é ningunha pseudomancomunidade, é unha fundación cuns fines específicos onde ten socios privados, que é outra cousa que escapa á vontade do dominio do dereito público sobre a articulación deste tipo de superficies.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA (PS DE G-PSOE) PROPOÑENDO A COLOCACIÓN DUNHA PLACA NA PRAZA DE TOUROS DE PONTEVEDRA, CONMEMORATIVA DO PASEILLO FEITO NA MESMA POLO POETA RAFAEL ALBERTI, NO ANO 1927.

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, do teor literal seguinte:

O día tres de xullo do ano 1927 as persoas que acudiron á praza de touros de Pontevedra tiveron a oportunidade única de contemplar como o poeta Rafael Alberti fixo o "paseillo" vestido de luces "como mozo de estoques", acompañando ó toureiro Ignacio Sánchez Mejías.

Ignacio Sánchez Mejías foi unha persoa polifacética, amante da poesía, impulsor dun encontro dos integrantes da "xeración do 27" no Ateneo de Sevilla por mor do homenaxe a Góngora. Gran amigo non só de Alberti, senón doutros poetas como Federico García Lorca que, con ocasión da morte do toureiro fixera a elexía "Llanto por Ignacio Sánchez Mejías".

Hai sete anos Rafael Alberti volveu a Pontevedra e na praza de touros de San Roque rememorou os lonxanos tempos da súa xuventude e aquel intre da súa vida en que, por primeira e única vez, formara parte da cuadrilla dun toureiro.

Aproveitando que no mes de agosto deste ano 2000 cúmprese o centenario da praza de Pontevedra e como recordo do singular feito do gran poeta desaparecido, o Grupo municipal do P.S. de G-PSOE propón ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Encargar e colocar na praza de touros de Pontevedra, no mes de agosto de 2000, no día da corrida maior das festas (no calexón de saída do "paseillo"), unha placa conmemorativa da presenza en xullo de 1927, do poeta Rafael Alberti.

Aberto o debate, intervén, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dona María Teresa Casal García, manifestando que o primeiro que quere dicir é que o acordo que se propón sufriu unha pequena variación polo tanto agora sería: Encargar e colocar na Praza de touros de Pontevedra no mes de agosto de 2000, na semana maior das festas, unha placa conmemorativa, da que se achega o modelo e o texto, da presenza en xullo de 1927 do poeta Rafael Alberti; o motivo de presentar esta moción e pedir a súa aprobación

neste Pleno é porque pensa que a figura do polifacético artista Rafael Alberti ben merece unha distinción por parte desta cidade, porque ademais a súa vinculación con Pontevedra foi precisamente a través da Praza de Touros, pois a gran amizade que unía ó poeta con Ignacio Sánchez Mejías foi o que fixo que Alberti viñera por primeira vez a Pontevedra e a segunda vez que volveu aquí foi precisamente para lembrar aquela outra lonxana primeira vez e as dúas visitas estiveron relacionadas cos touros, no ano 27 Alberti cumpre unha grade ilusión que tiña de face-lo paseiño vestido de luces e, segundo consta nas crónicas, de grana e ouro, segundo el di na Arboleda perdida fala de grana e negro, e en maio do ano 1993 fotografíase no centro do redondel da Praza de Touros de Pontevedra cun xesto toureiro de darlle un pase de muleta a un imaxinario touro; a Alberti gustáballe a festa como a Sánchez Mejías gustáballe a literatura, non hai que esquecer que este último propiciou a xuntanza no Ateneo de Sevilla do que sería o acto constitutivo da xeración do 27, por iso parécelle que lembrar a este gran poeta e facelo na Praza de Touros de Pontevedra é facerlle unha merecida homenaxe nun lugar que el sempre lembrou con agrimo e está segura de que se el vivira gustaríalle moitísimo tamén, de feito vai ler unhas verbas da obra de Rafael Alberti "La Arboleda perdida", onde menciona a Pontevedra e empeza dicindo: "Fue un gran año aquel 1927, variado, fecundo, feliz, divertido, contradictorio, para mi sobre todo pues hasta estuve a punto de ser torero, cuando por segunda vez mi salud comenzaba a resentirse y una tremenda tempestad de toda índole me sacudía allá por dentro, mi amistad con Sánchez Mejías se iba volviendo peligrosa, se empeñaba el diestro tozudamente en hacerme peón de su cuadrilla, broma tal vez, pero la obstinación de Ignacio me llegó a preocupar y, para habituarme a ver los toros de cerca, desde Sevilla me puso un telegrama pidiéndome que me presentase en Badajoz, plaza en la que yo debutaría haciendo solamente el paseillo y contemplando luego con mi traje de luces la lidia desde la barrera, no acudí como era natural, cosa que le enfadó bastante y le sirvió para redoblar más todavía sus esfuerzos por lograr su capricho, Ignacio era feroz cuando se proponía una cosa siendo casi imposible escaparle y así, fija ya en su cabeza la idea de lucirme de torero en una plaza, la llevó a cabo una tarde de julio en la de Pontevedra, con él, Cagancho y Márquez como espadas y el portugués Simao da Veiga como rejoneador", e un pouco máis adiante di que: "A la salida de la plaza me corté la coleta, quiero decir que di por terminada mi carrera taurina".

Seguidamente intervén don Celestino Lores Rosal, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que na Comisión non coñecían este cambio do texto da placa, por tanto van votar a favor desta moción, o que lles gustaría é que onde pon o escudo do Concello sexa o escudo de sempre.

A continuación se concede a palabra a don Xosé Luis Bará Torres, portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que anuncia o voto favorable do seu gru-

po a esta proposta, destacando sobre todo a valía e o recoñecemento que lles merece a obra e a traxectoria de Rafael Alberti como poeta, intelectual, artista e sobre todo como unha persoa comprometida coa defensa da democracia e das liberdades, por tanto nese sentido van aproba-la proposta que se trae a Pleno.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda encargarse e colocar na Praza de Touros de Pontevedra no mes de agosto de 2000, na semana maior das festas, unha placa conmemorativa da presenza do poeta Rafael Alberti en xullo de 1927, co escudo do Concello e a seguinte lenda: "A cidade de Pontevedra en recordo do poeta Rafael Alberti quen vestiu de luces nesta praza o 3 de xullo de 1927, sendo mozo de estoques do toureiro Ignacio Sánchez Mejías".

ASUNTO URXENTE.-

INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE AMPARO ANTE EL TRIBUNAL CONSTITUCIONAL CONTRA AUTO DE LA SECCIÓN 1ª DE LA SALA DE LO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DEL TRIBUNAL SUPREMO POR EL QUE SE DESESTIMA RECURSO DE SÚPLICA CONTRA AUTO DE 5-11-99 DE LA MISMA SALA QUE DECLARÓ DESIERTO EL RECURSO DE CASACIÓN PRESENTADO POR EL AYUNTAMIENTO DE PONTEVEDRA CONTRA SENTENCIA DICTADA POR LA SECCIÓN 2ª DE LA SALA DE LO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA EN RECURSO 5021/96 ENTABLADO POR "GRUPONSA, S.L." SOBRE PAGO DE LIQUIDACIONES POR PRESTACIÓN DE LOS SERVICIOS DE LA GRÚA DE LA QUE FUE CONCESIONARIA.

Concédeselle a palabra ó señor Secretario, o cal manifesta que o señor Letrado Asesor, que leva a defensa dos contenciosos, respecto a este asunto comunica que o Tribunal Supremo dictou un acto no que declara inadmisíbel o recurso de súplica presentado polo Concello contra unha sentenza contra outro auto anterior que tamén declaraba non admisíbel o recurso de casación interposto polo Concello, despois dunhas consideracións o Letrado estima que é demasiado rigorista e formalista o auto por canto o que defende é que non falla falta notificar directamente ó Concello senón que bastaba con comunicarllo ó procurador e como o Concello tiña un procurador designado ante o Tribunal Supremo bastaba coas notificacións que se lle fixeran a este, critica os motivos en que se fundamenta este auto e propón ó órgano competente, que neste caso é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun recurso excepcional, que se exercite o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional por canto estima que se viola o artigo 24 da Constitución, que é o dereito a unha tutela xudicial efectiva e que este auto fundaméntase en aspectos formais e que non comparte a interpretación que fan os membros da Sala neste acto, e dado que a competencia é do Pleno e que, aínda que isto podería levarse tamén á Comisión de Goberno, tería que volver ó Pleno para a súa ratificación, somete á consideración do Pleno a urxencia e logo o acordo no sentido de interpoñer-lo recurso de amparo an-

te o Tribunal Constitucional.

Justificada y declarada la urgencia del precedente asunto por unanimidad y con el voto favorable de los veinticuatro miembros de la Corporación presentes, que superan la mayoría absoluta legal, se da cuenta del informe emitido por el Sr. Letrado Asesor en el que expone:

1) Contra la sentencia dictada por la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia (Sección Segunda), de fecha 13 de abril de 1999, que estimó el recurso número 5021/96, entablado por "GRUPONSA, S.L." (sobre el pago de liquidaciones giradas al Ayuntamiento por la prestación del servicio de grúa del que fue concesionaria), entabló este Ayuntamiento el pertinente recurso de casación.

2) Preparado el recurso ante la Sala del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, y una vez emplazada la representación del Ayuntamiento ante el Tribunal Supremo, fue presentado escrito en esta última Sala dentro del plazo concedido, personándose este Ayuntamiento por medio del procurador Sr. Estévez y solicitando de la Sala que, a tenor de lo dispuesto en el artículo 92-3 de la nueva Ley de Jurisdicción Contencioso-Administrativa del 13 de julio de 1998, "se dictara diligencia de ordenación" dando traslado de los autos a la defensa de la Administración "por plazo de treinta días para que manifieste si sostiene o no el recurso y, en caso afirmativo, formule el escrito de interposición" correspondiente.

3) A pesar de haberse presentado dicho escrito, LA Sala del Tribunal Supremo, por medio de auto del 5 de noviembre de 1999, "acordó declarar desierto el recurso de casación preparado por el Ayuntamiento de Pontevedra", "al haber transcurrido el plazo legal sin haber formulado el escrito de interposición del mismo". Declaración ésta que no es la primera vez que se produce, debido a que, por cualquier motivo, no aparece en la Secretaría del Tribunal Supremo el correspondiente escrito ya presentado dentro del plazo.

4) Por ello, fue formulado recurso de súplica contra el auto referido, el cual ha sido desestimado en virtud de nuevo auto dictado por la Sección Primera de la Sala del Tribunal Supremo, con fecha 22 de mayo pasado, confirmando así el anterior del 5 de noviembre de 1999, que declaraba desierto el recurso.

Y fundamentada jurídicamente la conveniencia de formular recurso de amparo ante el Tribunal Constitucional contra el auto de fecha 22-5-2000 que desestima el recurso de súplica interpuesto por el Ayuntamiento en base a las siguientes consideraciones:

El artículo 92 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, dispone en su apartado 1, que una vez entablado el recurso de casación, "dentro del término del emplazamiento, el recurrente habrá de personarse y formular ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Supremo el escrito de interposición del recurso, en el que se expresará razonadamente el mo-

tivo o motivos en que se ampare, citando las normas o la jurisprudencia que considere infringidas", y "transcurrido dicho plazo sin presentar el escrito de interposición, el recurso se declarará desierto, ordenándose la devolución de las actuaciones recibidas a la Sala de que procediere" apartado 2 del mismo precepto.

Añade, sin embargo, el apartado 3, que "si el recurrente fuere el defensor de la Administración o el Ministerio Fiscal, en cuanto se reciban los autos se dictará diligencia de ordenación dándoles traslado de los mismos por plazo de 30 días para que manifieste si sostiene o no el recurso y, en caso afirmativo, formulen el escrito de interposición ajustado a lo que previene el apartado 1 de este artículo", y (apartado 4) "si el recurso no se sostuviera o no se formulara el escrito de interposición en el plazo antes señalado, se declarará desierto".

Ante el contenido de este precepto y la claridad que ofrece el mismo, este Letrado dentro del plazo del emplazamiento, aún cuando podía esperar a que se le notificase la diligencia de ordenación a que se refiere el reproducido apartado 3 del artículo 92, prefirió personarse por medio de Procurador (como en otras ocasiones) y solicitar de la Sala que "se dictara diligencia de ordenación" dando traslado de los autos a la defensa de la Administración "por plazo de 30 días para que manifieste si sostiene o no el recurso y, en caso afirmativo, formule el escrito de interposición".

La Sala, al no constar en autos este escrito, acordó declarar desierto el recurso y, entablado el recurso de súplica el Tribunal Supremo dicta el auto del 22 de mayo pasado confirmando el anterior manteniendo, por tanto, la declaración de que el recurso queda desierto.

Olvida así la Sala el contenido del artículo 447-2 de la Ley Orgánica del Poder Judicial, que establece que la representación y defensa de los Entes Locales corresponde a los Letrados que sirvan en los Servicios Jurídicos de los mismos, "salvo que designen Abogado colegiado que le represente y defienda" por lo que deben de tener la consideración de defensor de la Administración, tanto los Letrados que sirvan en sus Servicios Jurídicos, como aquellos otros colegiados que designen para que les represente y defienda.

En todo caso, el artículo 138 de la citada Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, dispone que "cuando el órgano jurisdiccional, de oficio, aprecie la existencia de un defecto subsanable, dictará providencia en que reseñe y otorgue" plazo de 10 días "para la subsanación".

Por ello, se estima que el auto comentado vulnera el derecho a la tutela judicial efectiva del artículo 24 de la Constitución, según el cual (apartado 1) "todas las personas tienen derecho a obtener la tutela efectiva de los jueces y Tribunales en el ejercicio de sus derechos e intereses legítimos sin que, en ningún caso, pueda producirse indefensión". Siendo reiterada la jurisprudencia del Tribunal Constitucional decla-

rando que este principio obliga a los Tribunales a hacer una interpretación generosa para evitar con los excesivos formalismos e interpretaciones rígidas de los preceptos procesales, que se impida el acceso a los Tribunales de Justicia.

Debido a unha avaría no sistema de gravación das intervencións na sesión plenaria, non se puideron reproducir as manifestacións que se produciron durante o debate deste asunto, polo que só se recolle una síntese das mesmas:

O portavoz do grupo municipal socialista, don Roberto Taboada Rivadulla, anuncia a súa abstención na votación porque pensa que con isto córrese o risco de prolongar a agonía e sería mellor planificar o pago e acabar co problema que se arrastra dende hai nove anos.

Don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular expuxo que durante o seu mandato intentou pactar cos responsables da empresa, xa que naquel momento debíanse 50 millóns, pero sempre encontrouse coa oposición do señor Interventor, a quen considera claro responsable de todo isto.

Contestou don Raimundo González Carballo, representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestando que entende que son os políticos os que toman as decisións e baséase nun informe do Letrado que defende ó Concello para presentar o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, alegando que o fallo do Tribunal Supremo pode vulnerar a Constitución e, ademais, porque non houbo equilibrio na concesión do servizo.

Terminado el debate y teniendo en cuenta las consideraciones jurídicas expuestas, el Pleno de la Corporación, en ejercicio de las atribuciones que le confiere el artículo 22-2-j) de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, para el ejercicio de acciones judiciales y defensa de la Corporación en materias de competencia plenaria, por mayoría, con el voto favorable de diecinueve Concejales (los 10 del grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego y los 9 presentes del grupo municipal del Partido Popular) y con la abstención de cinco Concejales (los 5 del grupo municipal del Partido de los Socialistas de Galicia-PSOE), acuerda formular recurso de amparo ante el Tribunal Constitucional a tenor de lo dispuesto en el artículo 53-2 de la Constitución Española en relación con el artículo 41 y siguientes de la Ley Orgánica del Tribunal Constitucional.

8.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:

A) TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DURANTE O MES DE MAIO DE 2000.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) durante o mes de maio de 2000.

B) MOCIÓNS URGENTES.

1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O

TRASLADO DAS ATRACCIÓN DAS FESTAS DA PEREGRINA Á ALAMEDA, AVENIDA DE MONTERO RÍOS E PASEO REINA VICTORIA.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre o traslado das atraccións das Festas da Peregrina á Alameda, avenida de Montero Ríos e Paseo Reina Victoria, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fai preto de quince anos Pontevedra inaugurou un recinto feiral permanente, ó que se trasladaron as atraccións e barra-cas de feira das Festas da Peregrina así como as verbenas e diversos eventos relacionados coas mesmas.

As causas que motivaron aquel traslado foron entre outras as seguintes:

1º.- A descentralización de grandes concentracións humanas no centro da cidade que provocaban problemas como o exceso de ruído ou problemas medioambientais (existencia de residuos, gases e condicións hixiénico-sanitarias) que afectaban ás árbores e xardíns da Alameda e do seu entorno.

2º.- O tratar de estender a cidade, abrindo novos espazos para o esparcemento e o lecer. Rematar coa idea de concentrar todo no centro da cidade e facer que os cidadáns tomarán en consideración a idea de "pasa-lo río".

3º.- Esixencias de infraestrutura por parte das distintas atraccións (demanda de electricidade, seguridade, auga, lugares onde ubicar as caravanas-vivenda, etc.)

4º.- Problemas de tráfico no centro da cidade.

Nestes anos a afluencia de persoas e de atraccións, barra-cas, etc., foi crecendo de forma importante. As atraccións foron tanto en número como en calidade e o espazo que necesitan algunhas delas presentou ás veces serios problemas de ubicación.

O PP á vista do anunciado recentemente polo equipo de goberno do BNG de retornar as devanditas atraccións á Alameda, á avenida de Montero Ríos e ó Paseo de Reina Victoria manifesta o seu rexeitamento a tal retorno por entender que representa un retroceso nos obxectivos que se acadaran perante estes derradeiros anos.

O grupo municipal do PP entende que os motivos do traslado no seu día das atraccións seguen sendo totalmente válidos, incluso nestes momentos cremos que moitos deses motivos agrava-ríanse, como son: sa seguridade no aparcamento soterrado de Montero Ríos, a necesidade de moita máis potencia eléctrica para as atraccións e demais casetas, o elevado ruído que se xerará nesta zona, hoxe con máis densidade de poboación que entonces, creará problemas ós veciños.

Os problemas medio-ambientais seguirán afectando ás árbores e xardíns, porque non se garante que os mesmos vaian a ser respectados.

Preocúpanos moito o problema do tráfico, co corte perante 15 días do paseo Reina Victoria, aumentado pola peonalización

da Zona Monumental, ademais de coincidir na época estival chamada alta, que suporá grandes concentracións de vehículos na saída e entrada da cidade, sobre todo na ponte da Barca ó retorno das praias.

O único motivo alegado polo equipo de goberno para o traslado destas atraccións ó centro da cidade é o de que son beneficiosas para o comercio. Entendemos que isto non é así, xa que estas atraccións xeran unha ledicia para os máis pequenos e como consecuencia un beneficio lícito para as propias atraccións, pero nada máis. Asemade os problemas de tráfico e estacionamento puideran facer que xentes das nosas parroquias e da zona de influencia da cidade non viñesen como tradicionalmente o fixeron, as nosas Festas da Peregrina.

Nembargantes o PP está a favor de traer máis festivais, concertos, actividades, incluso verbenas para o centro xa que iso si pode xerar maiores ingresos para o comercio e a hostalería da cidade.

Xa que logo, o PP eleva ó Pleno da Corporación para a súa aprobación o seguinte acordo:

1º.- Que o emprazamento das atraccións e casetas de feira das Festas da Peregrina siga no Recinto Feiral como ata o de agora.

2º.- Que se aumente o número de eventos que poidan celebrarse na Alameda e nas prazas da cidade.

Debido a unha avaría no sistema de gravación das intervencións na sesión plenaria, non se puideron reproducir as manifestacións que se produciron durante o debate deste asunto, polo que só se recolle una síntese das mesmas:

Dona María Teresa Casal García, representante do grupo municipal do grupo municipal Socialista e don Xosé Luis Bará Torres, representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, mostráronse partidarios do regreso das festas ó entorno da Alameda.

Don Celestino Lores Rosal, representante do grupo municipal do Partido Popular, advertiu que a medida ía a ocasionar molestos rúidos para os veciños e problemas medioambientais, contestando don Xosé Luis Bará Torres argumentando que os beneficios superan con moito ós hipotéticos prexuízos.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), acorda rexeita-la moción presentada.

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR REFERENTE Ó LOCAL SOCIAL DA PARROQUIA DE TOMEZA.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo grupo municipal do Partido Popular referente ó local social da parroquia de Tomeza, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.- Ó igual que noutras parroquias do noso Concello, o edificio destinado a local social en Tomeza, desde hai máis de 70 anos, pertencía á Sociedade de Agricultores e Obreiros de Tomeza, ata 1944 en que pasou a pertencer á Delegación Nacional de Sindicatos.

2.- En decembro de 1967 véndese en escritura pública á Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros de Pontevedra. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontevedra, ó tomo 398, libro 133, folio 57 volto, finca número 9.673, inscrición 2ª.

3.- En 1980 encontrándose la casa en ruínas, foi cedida en precario a utilización do devandito edificio, correndo ós gastos de reparación a cargo da Asociación de Veciños "San Cibrán", peticionaria da devandita cesión.

4.- A casa foi restaurada na súa totalidade polos veciños de Tomeza, mediante contribucións veciñais e coa colaboración do Concello e Deputación.

5.- Este edificio, xunto co terreo de que dispón na súa parte norte, 12,86 m² e na súa parte Oeste, 45,30 m², segundo consta na escritura notarial e no Rexistro da Propiedade, dende sempre foi utilizado para servicio dos veciños da parroquia, ata que en xaneiro de 2000 o veciño lindante D. José Antonio Rodríguez Carabelos, levantou unha parede de pedra en liña coa fachada principal do edificio e tocando ó mesmo, impedindo desde entón o acceso dos veciños ós terreos da parte Norte e Oeste, así como ó soto do devandito local.

6.- En data de 20 de marzo de 1996, amparándose na Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de 15 de febreiro de 1996 foi solicitada pola Alcaldía, entre outras, a cesión ó Concello do solar e casa no lugar de Lusquiños, parroquia de Tomeza.

7.- En data de 11 de xuño de 1999 asinouse un convenio entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Pontevedra, en colaboración coa Comunidade de Montes de Lérez e a Sociedade Alianza Gandeira Mutua de Lérez, que regularizou a situación de feito e xurídica do chamado Teleclub de Lérez, mantendo o seu destino ós fins sociais da parroquia de Lérez.

8.- En data 25 de xaneiro de 2000 preséntase denuncia neste Concello pola Asociación de Veciños "Tomeza", contra o peche antes citado, solicitando unha investigación, paralización das obras e se estas están amparadas por licencia.

9.- Pasados 5 meses, a situación segue sendo a mesma, polo que os veciños de Tomeza seguen padecendo a imposibilidade de acceder ós terreos e soto lindantes co local social que desde 1980 teñen cedido.

10.- Demostrando con isto o actual equipo de goberno o seu total desinterese e deixamento ante a problemática que un veciño (que puidera pensarse están sendo defendido polo BNG) produce a un colectivo imporante de veciños da parroquia de Tomeza.

11.- O PP pregúntase se isto é unha vinganza do Sr. Bará, responsable da parroquia e de quen recentemente pediron a súa destitución.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello acorda aproba-la seguinte moción:

1.- O Pleno insta ó Alcalde decretar o derribo do muro e a restablece-lo paso ós terreos lindantes co local social de Tomeza, á maior brevidade posible.

2.- Así mesmo insta ó Alcalde a negociar co Goberno da Xunta de Galicia a firma dun convenio que regularice, dunha vez por todas, a situación de feito e xurídica do local social de Tomeza, mantendo o destino ós fins sociais da parroquia.

Aberto o debate, intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, manifestando que le gustaría apoiar esta moción por varias razóns, pero sin embargo le nota un tono pouco adecuado para consenso, independentemente de que desde luego está a favor de que el muro se derribe si no tiene las bendiciones que debe tener y no le parece lógico que si hay una situación de litigio que no se deba empezar por poner un muro por una de las partes y negar un uso que ya estaba establecido desde hace mucho tiempo impidiendo la entrada, por exemplo, a un sótano donde hay usos sociales o almacen, etc.; su grupo está claramente a favor de los derechos de los vecinos de Tomeza y de que el local social y los terrenos colindantes puedan tener un uso social por parte de los vecinos y desde luego estarían dispuestos a votar a favor con las salvedades legales que hubiera sobre el tema y esa es la incertidumbre que tiene, es decir, no sabe exactamente si hay alguna traba legal en la propuesta estricta que hacen el grupo popular y en todo caso va a esperar un poco a ver que es lo que dice el equipo de gobierno, que se imagina que esta cuestión la habrá estudiado y analizado, para ver si legalmente lo que proponen es estrictamente posible, pero, insite, su voluntad es que esto se vote a favor o que por lo menos quede demostrada claramente su disposición favorable a este tema por parte de los vecinos de Tomeza, en este sentido es evidente que si no fuera una moción de urgencia, que por supuesto respeta que sea así, como respeta todas las mociones de urgencia que se presenten en este Pleno, pero cree que las cuestiones deben estudiarse previamente en Comisión y si quizá hubiera ido a Comisión previamente a lo mejor se podía arrojar un poco más de luz sobre el tema y una solución mucho más consensuada y razonable, pero, visto que no es así, va a espera para ver que es lo que se puede hacer, en todo caso si no se pudiese votar a favor por cuestiones de tipo legal se abstendría.

Seguidamente intervén don Xosé Luis Bará Torres, representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que lamenta que o señor Suárez Costa se vexa obrigado a defender esta moción, porque ademais está seguro que non é o autor nin intelectual nin material dunha proposta deste tipo, máis ben parece unha proposta escrita ó dictado dun asesor non sabe se mal informado ou mal intencionado, e di que o lamenta porque considera que o señor Suárez Costa é unha persoa seria e sensata, que ademais estivo formando parte durante catro

anos da Comisión de Goberno e ten a experiencia suficiente como para non propoñer, como neste caso, a adopción dun acordo que pode ser contrario á lei e nada máis e nada menos que o Alcalde decrete o derribo dun muro supostamente ilegal, que a impresión que ten é que presumiblemente sexa ilegal pero outra cousa son os trámites que hai que pasar para chegar a adoptar ese acordo, e entrando xa en materia quere sinalar que esta moción presenta dúas cuestións, que aínda que están moi directamente relacionadas, hai que diferencialas, por unha parte está a denuncia veciñal pola construción dun muro, supostamente sen licenza municipal, impedindo o paso a un terreo e a un local de titularidade pública, e por outra parte a situación legal e a discusión sobre a titularidade dos terreos circundantes ó local da casa parroquial de Tomeza; con respecto á primeira cuestión, a denuncia veciñal sobre o muro, ten que lle dicir que foi presentada o 25 de xaneiro do ano 2000 pola Asociación de veciños de Tomeza e ó día seguinte foi tamén defendida verbalmente por parte do señor Pedrosa na Comisión de Urbanismo, onde se lle dou a máxima prioridade, pois todos coñecen perfectamente a carga de traballo que ten o Servicio de inspección e disciplina urbanística e foi un tema que se tomou coa máxima seriedade e urxencia e fixéronse os correspondentes informes e inspeccións, así como informe do arquitecto no que se establecía que se trataba dunha obra que non estaba suxeita a licenza e polo tanto que debía procederse á súa suspensión inmediata e, con respecto á cuestión da titularidade dos terreos, indicaba que non era competencia municipal; fundamentándose neste informe dos técnicos, emitiuse unha resolución da Alcaldía na que se ordena a suspensión de obras de construción de vivenda unifamiliar e muro de cerramento no lugar de Lusquiños nº 106 da parroquia de Tomeza por carecer da preceptiva licenza municipal previa, coa incoación dos correspondentes expedientes sancionador e de reposición da legalidade urbanística, é dicir, que se deron tódolos pasos legais para impedir esta situación de ilegalidade e de suposta apropiación e impedimento do paso a uns terreos públicos, polo tanto a actuación do goberno municipal foi a que tiña que ser de acordo cos informes técnicos e esta resolución notificouse tanto ós denunciante como ó denunciado e agora os pasos que hai que dar son os que prevé a lei, hai uns prazos para que poidan presentar alegacións e o derribo do muro é un acto que está regradado ó que hai que chegar despois de dar unha serie de pasos, non se pode decretar neste momento, na moción din que hai que decreta-lo derribo do muro á maior brevidade e iso é materialmente imposible conforme á lei, pois hai que esperar á tramitación do expediente para poder chegar a tomar unha decisión deste tipo, polo tanto sería de dubidosa legalidade adoptar un acordo como este; con respecto á discusión sobre a titularidade dos terreos, xa expresou en múltiples ocasións que lle parecía lexítima a defensa que están a face-los veciños deses locais que foron construídos en moitos casos por organizacións sindicais ou de traballadores das parroquias de Ponte-

vedra, como é o caso de Tomeza ou de Salcedo, o que ocorre neste caso é que a situación é máis complicada do que parece, neste momento hai presentada, hai un ano, unha petición por parte da Asociación de veciños de Tomeza á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, que é a que ostenta a titularidade deste local e destes terreos, na que se pide requirir a don José Antonio Rodríguez Carabelos, que é o que está a face-lo edificio e o muro denunciado, para que pola Secretaría Xeral de Economía e Patrimonio se lle faga respecta-la propiedade allea polos posibles inconvenientes que se poidan suscitar pola súa pretensión de querer apropiarse do terreo que circunda o local social da casa parroquial de Tomeza nas partes norte e oeste e ademais que se inicie un expediente de dominio mediante os trámites regulamentarios para ceder e revertelo antes posible esta edificación ós veciños desta parroquia de Tomeza, polo tanto, por se-la Xunta a titular deste edificio e destes terreos é ela quen debe resolver este litixio que hai sobre a propiedade e polas informacións que ten, pois consultou tamén cos técnicos de Xunta, estase a discutir e vanse face-los informes dos peritos para intentar delimitar esa parcela que correspondería ó local e ó terreo que foi no seu tempo veciñal e que logo, despois doutras vicisitudes de ser incautado, pasou ás cámaras agrarias e por último á Xunta de Galicia; con respecto ó fondo da cuestión, que é o recoñecemento dos dereitos dos veciños como lexítimos propietarios e persoas que deben disfrutar destes locais e terreos, está plenamente de acordo e por iso pediría, en primeiro lugar, que este tema se tratase na Comisión de Urbanismo pola cuestión da tramitación da disciplina urbanística que se refire ó tema do muro e tamén a reclamarlle á Xunta a devolución ou o recoñecemento da titularidade e uso social dese local, no caso de que non se aceptase esta proposta desde logo non vai votar a favor do primeiro punto e presentarían unha alternativa con respecto á segunda cuestión, xa que lle parece que, como dixo antes o portavoz do grupo socialista, debería ser un asunto tratado previamente en Comisión porque é moi complexo, polo que pondrían como acordo, por un lado, instar á Xunta de Galicia a que resolva no prazo máis breve posible esa petición presentada polos veciños en relación cos terreos e o edificio da casa parroquial de Tomeza e, por outra parte, aceptaría unha redacción do que di o punto dous de instar ó Alcalde para que retome as negociacións coa Xunta de Galicia no sentido de busca-la fórmula xurídica que permita devolver ós lexítimos propietarios os locais e terreos incautados como consecuencia da guerra civil e nomeadamente os das parroquias de Tomeza e Salcedo, que son os casos máis claros, porque hai outros que foron solicitados que incluso nalgúns casos non se conservan xa os terreos, pero tanto en Tomeza como en Salcedo hai locais das antigas sociedades de agricultores e de obreiros que entende que debe ser polo menos recoñecida a titularidade dos dereitos históricos que teñen eses veciños e desde logo o seu disfrute pleno, esta sería a súa proposta de acordo que en to-

do caso está disposto a discutir e se non votaría en contra da proposta tal como se formula por parte do grupo popular.

Toma a palabra o señor Alcalde para pedirlle ó señor Secretario que, ó respecto do punto número un da moción, explique exactamente cales son os pasos e a legalidade que hai que seguir para restablece-la legalidade vixente no caso de muro.

Seguidamente intervén o señor Secretario, dicindo que do que escoitou aquí e visto que hai incoado un expediente de reposición de legalidade, aínda que non se leu, imaxina que se concede sempre ó denunciado un prazo para que poida solicitar a legalización das obras, polo tanto a incoación dun expediente sempre parte dun principio da presunción de inocencia, pois tanto a Constitución como a Lei 30 de Réxime Xurídico da Administración do Estado nos procedementos sancionadores de reposición da legalidade parte sempre do principio da presunción de inocencia, e precisamente eses expedientes teñen unha fase de instrucción na que se realizan unha serie de probas, informes, audiencia ó interesado, etc., todos eles tendentes a esclarece-la realidade e ver se é conforme ou non a dereito, polo tanto calquera decisión previa á terminación dese procedemento é pronunciarse antes, pois primeiro hai que informarse e logo resolver, non resolver antes de informar, polo tanto aquí a proposta final di que insta ó Alcalde a decretar, a verdade é que tampouco di que o Alcalde derribe senón que insta, o normal sería instar a que se axilice e impulse o procedemento inicial, é dicir, que o Alcalde resolverá unha vez practicadas as probas e concluído o procedemento que se está a tramitar conforme a dereito, do contrario sería resolver sen un expediente previo no que se acreditaran e as partes implicadas poidan defende-los seus dereitos, pois o denunciado en principio é denunciado nada máis e o expediente tramítase para indagar e comprobar se de verdade cometeu a infracción e entón hai dúas cousas, por un lado o procedemento sancionador que concluiría en sanción e por outro a restauración da legalidade que concluiría en derribo, pero ese é o resultado do procedemento que se está a tramitar, por tanto como xa está iniciado haberá que impulsar e axilizar ese procedemento, ese é o seu criterio visto o que oíu aquí.

Volve a intervi-lo señor Suárez Costa, dicindo que queda un pouco asombrado da resposta que se lle deu aquí, porque esperaba lle dixeran que era un tema do que non estaban moi ó tanto e que o ían estudar ou o que sexa, o que lle estraña é que realmente se coñeza ó detalle todo este tema e sen embargo cando os veciños aportaron documentos e expuxeron o problema nada máis empezar non se lles dera resposta inmediata do que se ía facendo, porque cree que eles viñeron aquí varias veces, interesáronse moito por este problema e fixéronlle chegar ó señor Bará a problemática que se estaba a desenvolver detrás do local social, entón se é así creo que era moito máis fácil sen chegar a esta situación da moción, podíase falar como se fai noutros temas de casos ou problemas que ocorren alí na zona e que os veciños viran realmente cal era a problemática,

pois hai veces que as demandas que presentan os veciños tampouco se poden resolver e agora mesmo oíndo ó Secretario non cabe dúbida que o dereito non é unha ciencia certa, pero despois do que di de impulsa-los trámites, o impulso dos trámites pode ir máis lento ou máis rápido, é todo un pouco relativo, entón lle estraña un pouco e lle parece que non é de todo verdade, non obstante o que ve é que polo menos agora os veciños van quedar informados, pois daralle traslado do que se dixo aquí ou lles dirá que veñan falar co Concelleiro responsable da parroquia para que lles informe de todos estes pasos, porque eles no seu momento demandárono e non tiñan coñecemento de nada disto; con respecto a decreta-lo derribo do muro, que di que non están de acordo, que é o que se pide na moción que se decreto o derribo do muro e restablece-lo paso ó terreo lindante, non cabe dúbida que é un problema totalmente técnico pero que hai que seguilo e se realmente non deixa acceder ó soto dese local cre que algún dereito terán que te-los veciños da parroquia, o que non cabe dúbida é que da noite para a mañá non se pode cerrar un acceso a unha zona, ademais este señor fixo o muro no seu día deixando acceso abaixo e agora fixo un segundo muro que é o que realmente impide o paso; desde logo non vai retirar-la moción, vai a votala nos mesmos termos que a presentou e o que pide é que se poñan en contacto cos veciños e traten de resolver este problema, que non soamente afecta a un colectivo, pois están de acordo a Comunidade de Montes e a Asociación de Veciños, é un local para uso de todos, non de uns cantos.

Por alusións ó respecto de disciplina urbanística, intervéñen o Concelleiro responsable, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que non tiña previsto intervir pero cre que as cousas hai que deixalas claras, con respecto ó muro presentaron a denuncia e faláron con el algúns veciños, tanto en persoa como telefonicamente, e explicoulles o que é un trámite de disciplina e un trámite civil e só hai un mecanismo áxil que sería un interdicto no Xulgado, incluso lles puxo un exemplo célebre que é o de Marcón, que habendo o máximo interese por parte da maquinaria municipal está aínda alí a obra, e lles dixo que ía impulsalo coa máxima dilixencia e así foi, e o recoñece aquí porque cre que entra dentro das posibilidades de quen está a gobernar, porque todo o mundo sabe que os expedientes hai que tramitalos segundo a orde de rexistro, salvo que haxa circunstancias excepcionais, e este mandou ó inspector que se saltara a orde das demais denuncias e fora a levantar acta, por tanto isto se está a tratar coa máxima dilixencia, pero que non esperen que se poida decreta-lo derribo en dous días, por tanto cando haxa algunha actuación se lles comunicará, entón é unha cuestión de que se lle explica que trámites vai levar, se crea ou non se crea e se prefira ver se hai outras vías de facelo, pero non as hai, estamos nun estado garantista para o bo e para o malo e non é como hai corenta anos que se era inimigo se lle mandaba unha parella de garda civil e paraba a obra e se era amigo non pasaba nada, agora

non se pode mandar, hai que face-los trámites que antes explicou o Secretario e que se van facer coa máxima dilixencia e co máximo empeño e se alguén sabe outro procedemento que o diga, se actuou con toda decisión dentro dos prazos e da normativa, está aí o expediente, está comunicado, hai orde de paralización non só do muro senón da casa tamén, foise máis alá do que solicitaban os veciños, ou sexa se actuou con toda contundencia contra este señor que se puxo a construír sen licencia, iso foi o que pasou e o que está a pasar e seguirá o expediente e seguirán as sancións e o que teña que ser dentro das posibilidades que a lei e a tramitación do expediente marcan, pero como o procedemento é lento, aínda que o grupo de goberno o está a aplicar coa máxima axilidade e contundencia, dá tempo para presentar unha moción e para xogar politicamente, pero non houbo pasividade nun só momento con respecto a este tema.

De novo intervén o señor Taboada Rivadulla, dicindo que la urgencia lleva por los renglones torcidos de la política, porque al final si esto se hubiera llevado a Comisión se habría analizado y no se estaría haciendo aquí una Comisión bis en donde uno dice una cosa y otro dice otra, pero en lo que sustancialmente todos estamos de acuerdo es en que a los vecinos hay que apoyarlos sin reserva y que sus reivindicaciones son justas e históricas y todos estaríamos de acuerdo en que el local social se resuelva favorablemente para los vecinos de Tomeza, pero al final los matices son tantos que la conclusión no es la satisfactoria, entonces ese es el problema, por tanto pediría que esto se defendiera en Comisión de Urbanismo, que problemente se reunirá el miércoles que viene, es decir dentro de tres o cuatro días, y se podría desbloquear esta cuestión o agilizarla, pues de lo contrario podrán seguir aquí debatiendo esta cuestión durante mucho tiempo pero el problema está en las trabas legales y eso es lo que subyace aquí, pues el señor Secretario acaba de decir que el Alcalde no puede decretar el derribo, no es que lo diga el equipo de gobierno, que sería más o menos fiable políticamente hablando, pero lo dice el señor Secretario que es una autoridad en esta cuestión y por lo tanto si se aprueba el punto uno de la moción, desde el punto de vista del Partido Socialista, se obligaría al Alcalde a hacer algo en contra de la legalidad, por lo tanto si cambian en el punto uno de la moción decretar por agilizar o impulsar la cuestión podía cambiar incluso por parte del equipo de gobierno, es decir que al Alcalde no se le insta a decretar, se le insta a agilizar y a impulsar, que es otra cuestión, que es lo que entiende que el señor Secretario acaba de decir sobre este punto uno, por eso tal como está el punto uno se tendrían que abstener, pero no lo pueden apoyar porque, insiste, estarían incurriendo en algo ilegal, por lo tanto existe una traba legal en la propuesta del Partido Popular en esta moción que les gustaría salvar y que probablemente se hubiera salvado si se hubiera tratado previamente en Comisión; en cuanto al punto dos de la moción también están todos de acuerdo en principio en que esos locales sociales vayan destinados a los fines so-

ciales de la parroquia, bien es verdad que el señor Bará introduce un elemento que también les parece razonable porque de lo contrario puede venir aquí un goteo permanente de todos los locales sociales que en su momento tengan litigio o hubieran sido incautados por la guerra civil, etc., para que se resuelvan todos de una vez, pues está el caso de Tomeza, pero también esta el de Salcedo, por tanto también le parecería razonable que se pudiera agilizar toda ese cuestión y, además, teniendo en cuenta que la Consellería de Facenda, como se acaba de decir aquí, ya está sobre esa cuestión, pero que el Alcalde negocie con el gobierno de la Xunta lo que ya se esta negociando sería darle al Alcalde incluso una baza de vender un producto que ya la Xunta está haciendo, pero en todo caso en la idea le parece que todos están de acuerdo, por tanto si están todos de acuerdo en la cuestión debería sacarse el matiz que pueda crear la frontera y la división; su posición es, en cuanto al punto uno, a favor en el supuesto de que se cambie decretar por agilizar o impulsar, si no lo cambiaran no lo votaría a favor y, en el punto dos, le gustaría que también pudiesen llegar a un acuerdo concretando la propuesta que acaba de hacer el señor Bará en el sentido de que se pudieran ampliar todas estas situaciones de litigio al tema de Tomeza y Salcedo, que supone que no tendrán ningún inconveniente.

De novo intervén o señor Suárez Costa, dicindo que por suposto non vai a pedir nada que vaia en contra da legalidade, pois non quere meter ó Alcalde en ningún problema que se teña que sentar no banquillo, por outro lado a denuncia foi o 25 de xaneiro de 2000 e gustaríalle que lesen as datas dos expedientes e o que se fixo dende esa data ata agora, pois ó mellor é unha forma de clarificar un pouco todo e ver que realmente se traballou duro no tema e que por cuestións legais, tal e como di o Secretario, non se puido realmente face-lo que se quixo; por outro lado, de momento segue mantendo a mesma postura, porque axilizar é unha palabra moi relativa e tamén quere pedir perdón polo ton.

Toma a palabra o señor Alcalde dicindo que non é o primeiro nin o segundo Alcalde que está inhabilitado por derribar algún muro e ó mellor a intención que ten o señor Suárez Costa é esa, pero de todas maneiras agradecería que foran as intervencións máis cortas.

Intervén novamente o señor Bará Torres, dicindo que cre que o mellor, dada a situación do debate, é que o tema se levara a Comisión e, como no fondo do asunto están todos de acordo, que se adoptara alí unha decisión unánime, porque pensa que é factible e ó mellor este Pleno non é o escenario adecuado para negociar eses acordos, pero na Comisión vendo o tema con pausa e con tranquilidade se podía chegar a ese acordo, de todas maneiras tamén lle di ó señor Suárez Costa que unha persoa que presenta unha moción urxente o mínimo que debería facer era terse informado sobre a tramitación do expediente, pois así aforraría algunhas cuestións que presenta na petición de acordo, pero en todo caso reitera que lle parece que hai a

posibilidade de chegar a un acordo nun asunto no que todos comparten a cuestión de fondo e que debería tratarse na próxima Comisión, que son catro días, e habería un acordo satisfactorio para tódalas partes.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e o voto en contra de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE), acorda rexeita-la moción presentada, informando a Presidencia que, non obstante o acordo adoptado, a moción será remitida á Comisión Informativa Municipal de Urbanismo para o seu estudio.

Se ausenta da sesión don Enrique de la Peña Vieitez.

3.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA SOBRE A LIBERALIZACIÓN DOS HORARIOS COMERCIAIS.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo Concelleiro de Promoción Económica, don José Luis Veiga Lage, sobre a liberalización dos horarios comerciais, que di:

Que o Consello de Ministros celebrado o venres, 23 de xuño do 2000, aprobou modificar a lei do comercio coa finalidade de liberalizar os horarios comerciais, permitindo un maior horario de apertura semanal e abrir máis domingos e festivos.

Que esta medida é extremadamente prexudicial para o pequeno e mediano comercio que non ten posibilidades materiais de ampliar o seu horario comercial sen que isto signifique unha maior dedicación horaria por parte dos seus propietarios ou dos seus traballadores.

Que esta medida só beneficia ás grandes superficies comerciais que si teñen unha estrutura empresarial que lles permite abrir máis horas e rentabilizar as súas inversións.

Que esta medida demostra claramente que a política comercial do goberno do Partido Popular está dictada por, e a medida, das grandes superficies comerciais e é absolutamente contraria ós intereses do pequeno e mediano comercio.

Que o pequeno comercio dá máis emprego e de maior calidade, como propietarios ou como traballadores, que as grandes superficies comerciais e ademais é un elemento de humanización e dinamización das cidades, contribuindo á mellora da calidade de vida urbana e dando colorido e vida ás prazas e rúas.

Que esta liberalización de horarios esconde unha maior desregularización e precarización do mercado de traballo, empeorando as condicións de traballo e ampliando as diferencias sociais existentes.

Por todo isto o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propón que o Pleno do Concello de Pontevedra aprobe a seguinte moción:

Reclamar do Goberno Central que rectifique esta decisión e que aprobe medidas que permitan a modernización e dinamización do pequeno e mediano comercio.

Reclamar da Xunta de Galicia que, no marco das súas competencias, non aplique estas medidas de ampliación do horario comercial.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que, en primeiro lugar, quere pedir desculpas ós grupos municipais do Partido Socialista e do Partido Popular porque esta moción foilles entregada á mañá e o motivo foi que se redactou na propia mañá, porque fai referencia a un acordo do Consello de Ministros que tivo lugar o venres 23 de xuño do ano 2000 e á hora de redactala era necesario ter suficiente coñecemento de causa; a moción fai referencia a ese acordo do Consello de Ministros polo cal se modifica a Lei de Comercio coa finalidade de liberaliza-los horarios comerciais, permitindo unha maior apertura semanal que pasa de 72 a 90 horas e abrir máis domingos, é certo que a pretensión do Goberno era maior pois polo menos o que había anunciado eran medidas máis fortes e posiblemente foi a presión popular que se xerou a que fixo que retrocedese un pouco e que as medidas non foran tan duras, pero son medidas que teñen unha orientación clarísima, son unha tendencia que se ven arrastrando dende hai anos e que se seguirá incrementando no futuro, e considera que esta medida é prexudicial para o pequeno comercio porque actualmente non ten posibilidades materiais para amplia-lo seu horario comercial máis alá de maiores horas de traballo, sexan para os propietarios autónomos ou para os seus traballadores, pero realmente non van ter posibilidades de contratar máis persoal porque entón entrarán en problemas de custos, por tanto é unha medida que beneficia exclusivamente ás grandes áreas comerciais que son quen está a tirar dende hai anos por estas medidas e cre ademais que isto demostra con suma claridade que a política comercial do Partido Popular ven dictada por estas áreas comerciais, pois non existen medidas complementarias para o comercio, por exemplo que falen de dinamización do pequeno comercio, son todas medidas orientadas a facilitar a penetración das grandes áreas comerciais; por outro lado e cando se fala de cidades máis humanizadas, de calidade de vida urbana, etc., non se pode esquecer que o pequeno comercio xoga un papel importantísimo en crear estas cidades e medidas como estas o que van a fomentar e o peche de comercios, baixos baleiros, cheos de humidade e de suciedade e non se pode falar logo de calidade urbana, pois o pequeno comercio xoga un papel fundamental en canto a esa calidade de vida urbana, dando colorido e vida tanto ás prazas como ás rúas; tampouco pode esquecerse que estas medidas teñen unha relación directa coas condicións de traballo e que no fondo o que se está é desregularizando e precarizando máis o mercado de traballo, pois basta ver como son as condicións de traballo nas grandes áreas comerciais que todos coñecen e o

que se está é abrindo unha brecha social aínda máis, por isto na moción se pide reclamar do Goberno Central que rectifique esta decisión e que aprrobe medidas que permitan a modernización e dinamización do pequeno e mediano comercio e reclamar da Xunta de Galicia que no marco das súas competencias non aplique estas medidas de ampliación do horario comercial.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, diciendo que va a votar a favor de esta moción, porque ya han hecho posicionamientos públicos al respecto de esta cuestión favorables al pequeño comercio y en contra de las medidas liberalizadoras que lamentablemente ayer el Gobierno ha aprobado y les hubiera gustado que hubiera sido una declaración institucional más que una iniciativa, pero en todo caso claramente va a votar a favor; le preguntaría al señor Veiga como deja escapar en la reclamación a la Xunta de Galicia un matiz importante, pues en el punto uno de la moción dice que se reclame al Gobierno Central que rectifique esta decisión y que apruebe medidas que permitan la modernización y dinamización del pequeño y mediano comercio, en cambio esto no se lo pide a la Xunta de Galicia que también tiene competencias y sería interesante que al reclamar a la Xunta de Galicia que "no marco das súas competencias non aplique estas medidas de ampliación do horario comercial" también se le pidan medidas que permitan la modernización y dinamización del pequeño y mediano comercio dentro de las competencias que tiene al respecto, por lo tanto no debe dejarse escapar esta oportunidad de reclamar esto a la Xunta de Galicia.

Seguidamente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, diciendo que pediría al señor Viega lo que hace muy poco se le pedía a su grupo, que quede sobre la mesa y que vaya a Comisión, pues no tiene conocimiento exacto de lo que se ha aprobado ayer en el Consejo de Ministros, solamente lo que ha podido leer esta mañana y, aunque es fácil que apoyasen algún tipo de declaración en ese sentido, pediría más tiempo para estudiar que es lo que aprobó el Consejo de Ministros, poder hablarlo con las distintas asociaciones de la ciudad y al final votar lo que sea el interés mayoritario, caso de no ser así en este momento el Partido Popular se abstendría.

Intervén novamente o señor Veiga Lage, manifestando que lle pode decir inmediatamente o que aprobou o Goberno, que foi a ampliación do horario comercial de 72 horas semanais a 90 horas e ampliación do número de domingos que se pode abrir a razón de un por ano, pasando de oito a doce ó final de legislatura, iso foi o que aprobou o goberno e o resto é dilación.

Volve a intervi-lo señor Pedrosa Fernández, diciendo que no ve la urgencia en que esto se apruebe hoy o la semana que viene, pero independientemente de eso supone que esta mañana no le ha dado tiempo al señor Veiga a hablar con las distintas asociaciones y resulta que a lo mejor hay asociaciones que están de acuerdo con que eso está bien y no lo que se pretendía

que parece que era muchísimo más, por lo tanto le parece el señor Veiga muy avisado por el oportunismo de presentarla corriendo esta mañana y lo felicita, pues ha sido el primero que se preocupa por el comercio de Pontevedra, a los demás les da igual.

Novamente intervén o señor Veiga, dicindo que non hai oportunismo, porque recorda que esta semana leu na prensa tanto declaracións do señor Alcalde como do señor Taboada posicionándose claramente e se o señor Pedrosa leu a prensa durante toda a semana tódalas asociacións unánimemente se posicionaron clarísimamente e respecto das medidas concretas se volveron a posicionar unánimemente, por tano non ten ningún sentido que se aprobe isto dentro dun mes no seguinte Pleno, nin tampouco que convoque un Pleno extraordinario para aprobalo.

De novo o señor Pedrosa Fernández intervén dicindo que no hubo unanimidad, pues por lo que leyó en la prensa hay una asociación en Pontevedra que dice que no está de acuerdo, por tanto no existe esa unanimidad.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de oito Concelleiros (os 8 presentes do grupo municipal do Partido Popular) acorda:

PRIMEIRO.- Reclamar do Goberno Central que rectifique esta decisión e que aprobe medidas que permitan a modernización e dinamización do pequeno e mediano comercio.

SEGUNDO.- Reclamar da Xunta de Galicia que, no marco das súas competencias, non aplique estas medidas de ampliación do horario comercial e que adopte medidas que permitan a modernización e dinamización do pequeno e mediano comercio.

C) PREGUNTAS.

Non se formularon preguntas.

D) ROGOS.

1.- ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, SOBRE PINTADAS.

Quere formular un rogo ós servizos de limpeza porque Pontevedra é un grafito e isto é común parece ser a tódalas cidades, pois é un problema que leva consigo a cuestión da movida nocturna, etc., pero dende o seu punto de vista hai mensaxes que son inocuas, que non atentan contra ningún tipo de dignidade das persoas ou que non invitan á confrontación por motivos ideolóxicos, pero levan tempo nos depósitos de lixo e nas paredes mensaxes do tipo, por exemplo, "PP igual a asasinós", "BNG igual a HB", "hei Hitler", etc., e cre que ese tipo de mensaxes había que borrarlos as veces que faga falta e se se volven a pintar hai que volver a borrar, pois estamos nunha sociedade que debe ser tolerante e democrática, pero creo que tódolos que están aquí non poden tolerar pasar tódolos días por diante dos depósitos de lixo e das paredes vendo mensaxes deste tipo e non se fai nada para borrarlos, por tanto lle pediría ós servizos de limpeza o máximo empeño en borrar ese

tipo de mensaxes que son atentatorias contra a dignidade persoal da maioría da poboación e que lle molestan profundamente.

Contéstalle o señor Alcalde que está totalmente de acordo con a intervención do compañeiro do Partido Popular e que se tomarán as medidas pertinentes ó respecto.

2.- ROGO DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON JUAN LUIS SEÑOR PEDROSA, SOBRE AUMENTO DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS POLAS MANCOMUNIDADES.

Se trata de un ruego dirigido al señor Mosquera para que aproveche que se aumentó el plazo hasta el día 20 de septiembre para presentación de proyectos por los consorcios, mancomunidades, como la que hoy se apruebe aquí, y agrupaciones, por tanto la Mancomunidad del vertedero del Rapadiño puede aprovechar esta nueva convocatoria y que se presente el proyecto de sellado del Rapadiño, pues se ha ampliado en Madrid el plazo y se pueden modificar, mejorar y rehacer proyectos de los que se hayan presentado, se ha abierto nuevamente ese plazo hasta el 20 de septiembre precisamente para consorcios y mancomunidades y como tenemos una Mancomunidad del vertedero cree que es la vía de presentar ese proyecto.

Contéstalle don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo dicindo que vai facer un par de aclaracións, a primeira que en principio hai o compromiso da Consellería de Medio Ambiente, cos mesmos fondos de cohesión que corresponden á Consellería, de proceder ó seu selado, polo tanto sería redundante, pero o que é peor, a Mancomunidade do Vertedoiro está constituída só por Pontevedra e Sanxenxo e os fondos de Pontevedra están esgotados con ese proxecto, co cal facéndoo a Mancomunidade só contarían os habitantes de Sanxenxo, co cal toparía cun financiamento ridículo, pois poderíase conseguir como moitísimo 100 millóns para un proxecto de 400 e están a traballar en proxectos de mancomunados con maior empaque con outros concellos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.